

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO CONCURSO “A RÚA E TÚA”

Na Sala de Comisións do Pazo Municipal de Ferrol, sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día 3 de outubro de 2018 reuniuse o Xurado do concurso “A rúa e túa”, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidenta	María Fernández Lemos.
Representantes dos Grupos Municipais	José Álvaro Montes Celeiro (Ferrol en Común) Alejandro Padilla Rodríguez (PP) German Costoya Casas (PSOE) Ana Rodríguez Masafret (Ciudadanos) Roberto Montero Castrillón (BNG)
Representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia	Ramón Montero Cereijo
Técnico de Urbanismo	Felipe Cotovad Martínez
Secretario	Jorge Juan Pena Piñeiro

Inicia a reunión a presidenta dando conta de que as propostas da Asociación San Fernando de Recimil non se executou pois entenderon que era o Concello quen a ía executar; a da Agrupación Artístico Cultural Meninas de Canido por non contar cos medios técnicos para executala en tan corto espazo de tempo e no caso da A.VV. Ultramar porque non ser coñecedores de que tiñan que executar a proposta nun fin de semana en concreto, por último no caso da proposta de DOMUS VI como xa se dixo non podía optar aos premios por non ser unha entidade inscrita no Rexistro municipal de asociacións e da conta tamén de que o Concello se puxo en contacto con eles para explicarlles que participaríamos no plenario do debate das propostas recollidas e que estas suxestións se terían en conta.

Polo tanto so se executaron catro propostas, as presentadas pola Asociación veciñal de Canido, A.VV. San Pablo de Catabois, Xeración asociación cultural e Asociación socio-cultural “ASCM” que son as que optan aos premios.

O Xurado a proposta da súa presidenta acordan puntuar de 1 a 4 cada un dos items que figuran na base 6 das bases do concurso, e que son:


- Que fomente a mobilidade sostible e respetuosa co medio ambiente. (ITEM 1)
- A diminución do uso/abuso do vehículo privado e o fomento de formas de desprazamento alternativos e máis saudables e eficientes dende o punto de vista ambiental. (ITEM 2)
- Mellora da accesibilidade para a mellora da cohesión social, favorecendo unha mellora das persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional. (ITEM 3)
- Promoción dos espazos urbanos e dos espazos públicos como elementos dinamizadores da vida nos barrios. (ITEM 4)

Procedese a efectuar a votación por parte dos membros do xurado, alcanzándose o seguinte resultado:

RESULTADO FINAL Puntuación das propostas executadas no concurso a Rúa e Túa					
ENTIDADE	ITEM 1	ITEM2	ITEM3	ITEM 4	TOTAL
Asociación veciñal de Canido	18	21	19	31	89
A.VV. San Pablo de Catabois	27	23	13	23	86
Xeración asociación cultural	24	28	16	17	85
Asociación socio-cultural "ASCM"	11	8	32	9	60

Logo da puntuación anterior o xurado acorda conceder os seguintes premios que conforme ao disposto na base 7 das Bases reguladoras do concurso, consiste nun investimento do Concello de Ferrol na mellora do barrio que será indicada polas entidades premiadas, que se levará a cabo logo da redacción dunha memoria valorada ou proxecto segundo sexa necesario, realizada pola área Urbanismo do Concello de Ferrol:

- 1º Premio dotado con 20.000 € para a Asociación veciñal de Canido.
- 2º Premio dotado con 10.000 € para a A.VV. San Pablo de Catabois.
- 3º Premio dotado con 5.000 € para Xeración asociación cultural.


Maria Fernández Lemos


José Álvaro Montes Celeiro


Alejandro Padilla Rodríguez


German Costoya Casas


Ana Rodríguez Masafret


Roberto Montero Castrillón


Ramón Montero Cereijo


Felipe Martínez Cotovad


Jorge Juan Pena Piñeiro